

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR 2016-2017

O equipo de biblioteca deste Instituto leva varios anos funcionando e ten unha continuidade importante na composición e mesmo nas rutinas de funcionamento, polo que as liñas de actuación previstas non achegan cambios significativos con respecto a anos anteriores.

1. EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA

- O equipo de biblioteca terá como base o actual, sen descartar a incorporación dalgún outro profesor/a. O tamaño debe facilitar o traballo en equipo e a división de tarefas.
- Ao designar o profesorado que fará garda de biblioteca daráselle prioridade a aqueles que – sen formar parte do equipo de biblioteca- se comprometan a participar dunha maneira máis activa na xestión: facer préstamos, recoller devolucións, colocación de fondos, seguimento dos préstamos, colaboración na catalogación cando coincidan con un membro do equipo,...
- Continuarase coa catalogación informatizada de fondos de nova adquisición e coa actualización e reordenación dos existentes.
- Procuraremos que a organización dos materiais os faga máis accesibles para os membros da comunidade educativa, polo que lle prestaremos especial atención á ordenación e etiquetado.
- Habilitaremos andeis específicos e facilmente accesibles de lecturas obrigatorias e recomendadas polos diversos departamentos, coa intención de facilitar o acceso a estes fondos e un rápido coñecemento da dispoñibilidade, tanto para o equipo da biblioteca como para profesorado e alumnado.
- Temos a prevista a adquisición de e-reader, para usar inicialmente de forma vinculada as lecturas de carácter obrigatorio establecidas polos departamentos.

2. EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- Dar a coñecer os materiais existentes entre alumnado e profesorado do centro:
 - ✓ Expositores de novidades.
 - ✓ Edición mensual dunha relación de adquisicións que será exposta nos taboleiros de todas as aulas e sala de profesorado.
 - ✓ Estender a accesibilidade desde móbiles e tabletas de todos os fondos da biblioteca mediante código QR.
- Reedición do tríptico da biblioteca que recolle unha breve sinopse do funcionamento da mesma, explica a localización e manexo de fondos, así como as normas de uso e préstamo.
- Realización de campañas de animación previas aos períodos de vacacións.
- Colaborar cos departamentos na adquisición de materiais como forma de conseguir a adecuación do comprado ao desenvolvemento do currículo e á divulgación dos materiais dispoñibles. Tamén fomentaremos a colaboración cos departamentos para:
 - ✓ Coñecer con suficiente anticipación os libros de lectura obrigatoria, para dispoñer dun número suficiente destes na biblioteca.
 - ✓ As lecturas individuais recomendadas.

- ✓ A colaboración na promoción de materiais (libros, cómics,...) aproveitando a realización de actividades por parte do centro (conferencias, teatro, certames, exposicións públicas, talleres, entrevistas).
- Promoción da biblioteca e os seus recursos a través do deseño de actividades (concursos de celebración do día da poesía, día da biblioteca, cartelería,...).
- Divulgación dos fondos e actividades a través da aula virtual do Instituto, o blogue “Sae da cuncha”, e a colaboración cos equipos de normalización lingüística e revista “Entrepones”.
- Colaboración cos equipos de normalización lingüística e revista na organización de actividades: organización, colaboración e promoción de celebracións e conmemoracións: Día da Biblioteca, Entroido, concursos literarios, etc. Continuación da celebración de actividades do mes cultural baixo o lema “do Libro ás Letras”.

3. EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL)

- Continuación das actividades de familiarización do alumnado coa biblioteca (especialmente o de 1º de ESO e 1º de Bacharelato, para os que tanto a biblioteca coma o propio centro constitúen un novo mundo) que se desenvolverán ao longo do 1º trimestre en colaboración coas correspondentes titorías; estas actividades comprenden:
 - ✓ A presentación do espazo e os recursos.
 - ✓ A información sobre as normas de uso.
 - ✓ Unha práctica de localización de fondos e do sistema de clasificación dos mesmos (CDU).
- En colaboración co equipo das TICs, formación de alumnado e profesorado na realización de proxectos e traballos por parte do alumnado:
 - Busca, valoración e selección de información.
 - Presentación en diversos soportes: informático, escrito, oral, vídeo.
 - Fomento do uso do software libre na realización e presentación de traballos para evitar os problemas derivados da incompatibilidade de medios.

4. EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

- Promoción da planificación interdisciplinar entre departamentos didácticos á hora de establecer as lecturas obrigatorias, optativas, recomendadas e voluntarias.
- En colaboración cos Departamentos, actualizar as biblioteca de aula, fomentando a planificación de estratexias colectivas para o desenvolvemento das competencias básicas.
- Organización de charla-coloquio con autores de libros de lectura obrigatoria ou recomendada. Realización de talleres de conta-contos, teatro, cómics, obradoiros, exposicións.

- Coordinación das reunións e tarefas relativas á actualización do Proxecto lector e do Plan anual de lectura.
- Información e concienciación entre o profesorado sobre a necesidade dun cambio metodolóxico que integre a formación lectora como eixo da acción educativa e a biblioteca como elemento centralizador desa acción. Propórase ó profesorado da ESO a posibilidade de dedicar 20 minutos diarios a lectura nas aulas. Sexan libros da biblioteca que ficarán nas aulas. Isto permitirá que o alumnado dispoña deles mesmo para as horas nas que falte algún profesor.
Levarase un control trimestral das lecturas e premiarase o mellor grupo lector e o alumno que mais libros lera.
- Colaboración no desenvolvemento dos clubs de lectura existentes e posibilidade de crear outros novos.

5. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Continuar co plan de medidas que colaboren na compensación das desigualdades sociais, de maneira que facilitemos o uso da biblioteca e os seus materiais por parte daqueles alumnos máis desfavorecidos:
 - Accesibilidade da biblioteca fóra do horario lectivo habitual.
 - Continuar coa impresión de traballos do alumnado desde a biblioteca, que tan bo resultado leva producido.
 - Préstamo de ordenadores Netbook ao alumnado para a realización de traballos.

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Realización dunha enquisa ao inicio do curso para sondar a visión da comunidade educativa acerca do funcionamento. Realización doutra enquisa na parte final do curso para contrastar se melloramos nos aspectos que se detecten que funcionan inadecuadamente.
- Nas reunións semanais do equipo de biblioteca valorarase o funcionamento da mesma. Os parámetros que nos permitirán medir a rendibilidade do seu funcionamento terán que ver coa utilidade que a comunidade educativa poda sacar da mesma.
 - Comprobaremos o equilibrado dos fondos.
 - Observaremos se os índices de lectura tanto en sala como en préstamo son os apropiados.
 - Valoraremos a existencia de itinerarios lectores, de proxectos didácticos que integren a lectura e de criterios de avaliación da formación lectora.
 - Constataremos se tiveron éxito as actividades realizadas, tanto de formación de usuarios, de educación documental como de fomento da lectura, préstamo de material informático, uso da biblioteca fóra do horario escolar, ...
 - Valoraremos a difusión da información interna e a implicación do conxunto do profesorado
 - Marcaremos as directrices para a continuidade e ampliación deste proxecto.

- Estadísticas de préstamo.

7. PERSOA DESIGNADA COMO PERSOA RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR:

M^a JOSÉ VILLAVERDE PAIS

O RESPONSABLE DA BIBLIOTECA

O DIRECTOR

Asdo.: M^a José Villaverde Pais

Asdo. Juan Pedro Román Hernández